

Camiño da Igrexa 38
15009 A Coruña
Tel. 981 280 232
Fax 981 133 569

www.primaveranorte.com
correo@primaveranorte.com

Primavera, crece

Estimado/a amigo/a:

Facémosche chegar a convocatoria da oitava edición de **Primavera, a feira norte do regalo**, que se vai celebrar no novo recinto feiral de **A Coruña, Expocoruña**, os días 17, 18 e 19 de maio próximos (sábado, domingo e luns).

A feira está dirixida exclusivamente a compradores profesionais, tendas de regalo e decoración, grandes almacéns, institucións, empresas, decoradores, entidades, etc. e é unha oportunidade para iniciar ou mellorar as relacións entre empresas do mundo do regalo, a artesanía e a creatividade co mercado profesional, que ten unha gran importancia económica e estratéxica.

Decidimos organizar a feira neste novo recinto feiral da Coruña (inaugurado en febreiro deste ano), polas suas excepcionais condicións e, tamén, porque esta atractiva cidade, cun área de influencia moi importante, conta cun mercado dinamismo comercial.

Tamén cambiamos os días de apertura, que serán de **sábado a luns** (nas anteriores edicións de venres a domingo), porque detectamos que os días de maior afluencia de visitantes profesionais son os domingos. Coincide que o día 17 -sábado- é festivo en Galicia (Letras Galegas), e cremos que o luns é máis apropiado que o venres para a visita de compradores profesionais.

A feira amplíase en todos os sentidos. Dispoñemos de máis metros, e neste espazo é posible a participación de expositores de mobiliario, escultura de mediano formato, pedra, elementos para xardinería, provedores, etc.

Os prezos seguen sendo moi razoables e, a maior contratación de metros, baixa o prezo por m². Tamén é posible estudar calquer tipo de modalidade de participación, espazos libres, ou espazos á medida das túas necesidades.

Como sempre, desde a organización da feira, aportamos solucións. É posible a entrada de vehículos ata o espazo de exposición para carga, montaxe e descarga; Wifi aberta e gratuita; amplo aparcamento no soto do edificio, etc.

Primavera é a iniciativa de comercialización para a artesanía de calidade máis importante de España e unha das máis orixinais de Europa. A maioría dos expositores que teñen participado nas anteriores edicións, consideran que este é o formato de feira que precisa o sector. Na edición de 2007, o 80% dos expositores declararon ter formalizado pedidos na feira.

Se non coñeces a feira, podes encontrar información adicional, fotografías e listados de expositores de edicións anteriores na web: **www.primaveranorte.com**

As solicitudes de participación deben enviarse con antelación ó **30 de marzo**, aínda que se admitirán expositores con posterioridade si se dispón de espazo.

Estamos á túa disposición para calquer consulta no teléfono (+34) **981 280 232**, de luns a venres e de 8 a 15 h.

Esperamos verte en Primavera. Ata ese momento, recibe un cordial saúdo.